



¿EN QUE ANDA AGORA?

Celso vén de presentar *Gratas e boas novas*, un libro ou compendio de postais antigas recollidas en anticuarios de moitos lugares e que el seleccionou entre miles. Escolleu textos cunha forte carga de sinceridade, «para chegar a calquera que os lea». Todas son boas e agradables noticias. El escribiu o prólogo e o epílogo e explica aí por qué para el é un libro de poesía. A maiores, no seu día a día garda unha fonda ligazón co Museo Etnográfico de Castela e León ou co Museo do Pobo Galego, entre outros. Andando preparando un proxecto con este último e máis co CGAC.


¿ONDE CONTA OS SEUS CONTOS?

Celso traballa moito en colexios e institutos, pero algunhas fins de semana tamén o chaman para festas ou actividades de asociacións culturais. Se se dá o caso, conta e canta improvisadamente. Disto vive. Ser contador require moito traballo de campo.

FOTOS: MIGUEL SOUTO



UNHA VIDA EN LALÍN. Arriba, traballando na horta e escoitando contos dos maiores en Zobra. Á esquerda, Celso achégase ao río e, á dereita, toma un café no Camilo (cafetería onde antigamente aínda se torraba o café). Abaixo, na súa vivenda, onde le



«Gústame andar o río, arriba e abaixo, e non son mal troiteiro»

Traballa a horta, pesca, canta e conta, le, escribe, fala coa xente, aprende dos maiores, e goza da familia e as tertulias



PATRICIA BLANCO | Ceiba as palabras con mestría, cunha cadencia que só é súa. Quérelle á fala. Semella que entre verba e verba engade un fío co que tira doutra historia. Celso Fernández (Lalín, 1969) naceu, concretando máis, na parroquia da Cacharela. «Atendeume unha parteira na casa, a señora Piedade». Celso segue residindo en Lalín: alí acadou o sentimento de pertenza, de veciñanza, de afectividade.

Os sábados pola mañá vai ata o Camilo, «penso que a cafetería máis antiga de aquí». Un lugar con moita tertulia, de xente nova e maior, unha cafetería versátil onde se atopa cos seus donos, Ernesto e Cris-

tina; o fillo destes, Carlos; e mais outros dous rapaces que tamén traballan alí: Alberto e Reina. Conquistano as mesas de mármore. Esas nas que el toma café poida que teñan máis de cen anos. «Antes xogábase a partida nelas e apuntábanse os resultados na propia mesa. Estiveron durmindo nunha palleira anos. Agora recuperáronas». O café tamén lle aproveita pola tarde, no Barriga —outro local—, e quizais mellor aínda se antes pode ir correr ou andar na bicicleta un anaco. Cando é tempo de pesca, vai ás troitas. «Gústame andar o río, arriba e abaixo». Vai moito á zona do Puzo Negro. «Teño o vicio

de non volver para a casa sen nada», di. ¿E se non pican? «Non son mal troiteiro», responde. As troitas gustábanlle ao seu avó e Celso sempre puxo empeño no asunto.

Le de todo e sen pecharse nada, sobre todo relacionado coa antropoloxía e a etnografía. Tamén escribe. Rara é a noite na que non baixa tomar algo cos amigos ao Galopín. Contactar. «Se perdera o contacto seríame difícil contar. O conto require reflexión, remoer o que recolles, pero o que recolles recóllelo comunicativamente». Queda claro. Tanto coma que os domingos (e se pode os outros días) vai comer á casa dos pais. É o

día para a familia. Nas mañás deste sétimo día da semana, sendo o tempo, traballa unha horta con bos compañeiros. «Temos un proxecto chamado Foro para Cultivos Culturais», apunta. Traballo da terra como inspiración para crear.

Celso estudou Filosofía en Compostela, cidade á que vai todas as semanas. En Lalín traballou dez anos —e cinco máis como voluntario— como animador sociocultural e estimulador cognitivo na residencia de maiores Nosa Señora das Dores. Ocupaba fins de semana levando maiores aos concertos ou buscando concertistas e levándoos á residencia: «Houbo un por mes,

nos meus últimos seis anos». Naquel sitio recolleu moito do que sabe, pero hai outro lugar especial para el: a parroquia de Zobra, tamén en Lalín, a onde vai algúns domingos pola tarde. «No de ser contacontos, é a miña pía bautismal». Alí para cos maiores da volta —como Hortensia, Amparo, Amable, Celsa ou Samuel, na imaxe—, e cóntanlle cousas. Contos que ás veces levan a cantos. «E se o conto a pide, pois bótese a copla». escoita e recolle. «É un baño de mar ou de río que me dá o ton para contar, para palpar o pouso que esas historias deixaron na vida da xente, para dalas a valer, cargalas de dignidade».